



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 2/2022

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E CATRO DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

En Ordes, a vinte catro de febreiro de dous mil vinte e dous.

Na sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a, ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- D^a. MARÍA JESÚS REGUEIRO GARCÍA.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.
- D. AITOR RIBADAS GÓMEZ.
- D^a. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA.

Non asiste:

- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese primeiramente á lectura pola Sra. García Gómez, voceira do grupo de goberno e concelleira delegada de Política Social á dar lectura a Declaración Institucional con motivo da celebración o día 8 de marzo do Día Internacional da



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Muller, que foi previamente consensuada cos voceiros de todos os grupos políticos e concelleiros nona adscritos, e que se transcribe a continuación:

“Con motivo do Día Internacional da Muller, que se conmemora o próximo 8 de marzo de 2022, a Organización das Nacións Unidas escolleu o lema a “Igualdade de xénero hoxe para un mañá sostible” co obxectivo de recoñecer a contribución das mulleres e das nenas de todo o mundo, que están liderando os esforzos ante o cambio climático para construír un futuro máis sostible.

Consideramos necesario asegurar o benestar integral de todas as mulleres e avanzar noutras políticas de cohesión social e dinamización demográfica a través de medidas favorecedoras da plena igualdade e con perspectiva de xénero como reto irrenunciabile.

No benestar das persoas conflúen unha serie de variables que operan de xeito interrelacionado. Por iso, como establece a Organización Mundial da Saúde (OMS), a saúde debe abordarse desde un enfoque integral que considere os factores biolóxicos pero tamén os factores sociais e psicolóxicos. E neste sentido, o xénero constitúe un factor determinante en tanto que o benestar e a calidade de vida das persoas se ven determinados polas distintas posicións, roles sociais como produto dos estereotipos de xénero que teñen que desaparecer, dereitos, etc.

Para seguir contribuíndo a unha mellor calidade de vida das mulleres galegas, unha das prioridades de actuación será o fomento de estilos de vida saudables e do autocoidado para o benestar integral, facendo especial fincapé na atención das mulleres maiores, facilitándolles ademais oportunidades de envellecemento activo.

Doutra banda, debemos consolidar os recursos de atención ás mulleres, tanto para a atención aos problemas de saúde prevalentes nas mulleres e nenas, como aqueles asociados aos dereitos relacionados coa saúde sexual e reprodutiva e coa maternidade.

A provisión destes recursos, ademais do factor xénero, deben ter en conta a diversidade e as necesidades específicas dalgunhas delas, como as mulleres maiores, as mulleres con discapacidade, as mulleres inmigrantes, etc., de xeito que os servizos e a información se adapten a cada particularidade.

Así, as Administracións públicas debemos seguir desenvolvendo políticas específicas dirixidas a mulleres en situación de dificultade ou especial vulnerabilidade. Sempre tendo en conta que o enfoque de xénero é transversal a outros moitos ámbitos, como o ambiental, de maneira que se fomenten os programas medioambientais nos que se poña en valor o papel das mulleres na conservación do medio e na xestión dos recursos autóctonos.

Para acabar con todas as brechas de xénero que se identifican en numerosos informes internacionais debe haber unha resposta de continuidade a través da organización de campañas de concienciación social e doutras actividades de sensibilización en favor da igualdade real e efectiva de mulleres e homes en todos os ámbitos.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

E para iso é fundamental que exista un compromiso rotundo dos partidos políticos, das organizacións sindicais, das administracións e institucións e de todas asociacións en xeral, que abarque actuacións coordinadas e proactivas neste senso, desde a mocidade ata as persoas de maior idade.

Procuremos unha sociedade na que impere o modelo coeducativo enfocado á ruptura dos estereotipos de xénero así como valores como o respecto á igualdade e á diversidade. É o momento de sumar esforzos e seguir traballando conxuntamente para conseguir que a igualdade sexa unha realidade instaurada nos 365 días do ano”.

Seguidamente, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de 27 de xaneiro de 2022, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria, de data 27 de xaneiro de 2022, resultou aprobada por maioría de dezaseis votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

O Sr. Alcalde da conta da liquidación dos orzamentos do exercicio 2021. Aprobada mediante decreto de data 23/02/2022, previo informe da intervención municipal. Resultado orzamentario, positivo, por importe de 1.593.000,00 €. Remanente de tesourería para gastos xerais, positivo, por importe de 4.785.000,00 €. Aforro neto legal, positivo, por importe de 2.121.000,00 €, o que supón un 22,23 % sobre os dereitos liquidados por operacións correntes na liquidación dos orzamentos municipais correspondentes ao exercicio 2021. Estabilidade orzamentaria, dende o 20/10/2020 quedaron suspendidas para o ano 2021 as regras fiscais. O resultado a avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria 2021 cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria ao presentar un superávit de 1.190.000,00 €. Cumprimento da regra de gasto, actualmente tamén en suspensión. O gasto computable ascende á contía de 6.795.000,00 €. Incrementándose con respecto ao exercicio anterior nun 2,52 %, inferior ao derradeiro obxectivo fixado polo goberno, 3 % para 2021. Cúmprese por tanto co obxectivo da regra de gasto do plan económico financeiro. Cumprimento do límite de débeda. O volume de débeda segundo o protocolo de déficit excesivo 528.000,00 €, un 5,54 % dos recursos correntes. Cumprimento do período mínimo de pagamento a 31/12/2021, que é de 1,34 días. O estado da tesourería do concello a 11/02/2022 ascende á cantidade de 6.197.000,00 €. Con depósitos nas cinco entidades bancarias instaladas no noso termo municipal.

Os Srs. Concelleiros danse por decatados.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

3. CAMBIO DE USO DOS TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL RESERVADOS PARA EQUIPAMENTOS PÚBLICOS (EQUIPAMENTO SOCIOCULTURAL DE SISTEMA XERAL, EC-SG), PARCELA CATASTRAL 8798608NH4689N0001JW, EN RÚA DE GALICIA, ORDES, POR OUTRO USO DOTACIONAL PÚBLICO DISTINTO (EQUIPAMENTO SANITARIO-ASISTENCIAL DE SISTEMA XERAL, ESA-SG).

Expediente de cambio de uso de terreos de titularidade municipal reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto (**Expdte. 2022/X998/000051**)

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente Municipal de Obras e Urbanismo, de data 18/02/2022.

Vistos os informes favorables da Secretaría municipal e técnico urbanístico municipal.

Visto o disposto no art. 42.5 da Lei 2/2016, de 1 de febreiro.

Aberto o debate prodúcense os intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que non van a votar en contra, podería haber outras ubicacións para esta escola infantil, pero é unha infraestrutura que fai falta, pola súa parte sen problema.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que lles parece unha boa idea tendo en conta que son escasas as prazas de gardería, tanto na municipal como na privada. Espera que se faga un bo traballo, é un sitio axeitado, céntrico, con aparcamento. Votarán a favor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que a modificación pretende un cambio para un uso dotacional permitido, non habería maior obxección. Teñen que lembrar segundo se lles indicou na comisión informativa o pasado venres, que a intención é demoler o edificio existente da antiga escola unitaria situada a rúa de Galicia coa construción dun novo edificio para destinalo a unha nova escola infantil municipal. Cabe recordar que na escola unitaria en rúa Galicia, nos derradeiros anos foron efectuadas varias intervencións, investimentos. Anos 2014-2015 acometeuse un primeira fase de reforma valorada en 50.000,00 €, que foron para a substitución da cuberta. Cambiouse a carpintería exterior, labores de pintura e arranxos na fachada. Nos anos 2015-2016 a través do obradoiro de emprego leváronse acabo obras de remodelación. No ano 2018 acometéronse obras de arranxo e mellora do parque Herminio Rial. No ano 2015 o goberno municipal referíase a esta escola unitaria como centro sociocultural. No ano 2016 pasou a chamalle centro ocupacional de media estancia. Investíronse fondos públicos municipais e doutras administracións públicas en reformar o edificio, así como o parque existente na fronte da parcela. Agora logo dunha caótica xestión que unicamente levou ao despilfarro de fondos públicos pretenden tirar con todo para facer un novo edificio. Comparten a necesidade dunha nova escola infantil en Ordes, hai demanda de prazas e carencia de



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

oferta, así o manifestaron no pleno de marzo de 2021 cando trouxeron unha iniciativa para a implantación dunha escola infantil pública, Galiña azul no Centro Comarcal, que está situado a carón da piscina climatizada municipal Iván Raña Fuentes, que leva moitos anos abandonado, parecéndolles a ubicación idónea para acometer, cunha pouca reforma sen necesidade de demoler ningún edificio, dando un uso a unha que esta totalmente abandonada, que pode ser destinada a unha escola infantil de xestión pública, Galiña Azul, competencia de quen debe ser que é a Xunta de Galicia, non ten por que o Concello de Ordes asumir competencias que son doutras administracións. Seguimos con esa proposta, non temos o mesmo programa ou proxecto para Ordes que ten neste caso a formación que está a gobernar. Antes os problemas da veciñanza ofertan outro tipo de solucións distintas que consideran máis acaídas. Aínda que poderían estar a favor do cambio de uso que se propón, non poden votar a favor por que teñen outro proxecto, ofertan outra alternativa para solucionar esta problemática polo que van a optar pola abstención.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que volven a retórica de sempre, proxecto, proxecto, pero primeiro hai que gañar unhas eleccións e gobernar, algo do que aínda están moi lonxe, de poder acadar a confianza dos veciños, que é o máis importante, e despois poder acadar aquí unha decisión. Está claro que alí se fixeron actuacións para que aquel edificio non se fose abaixo no seu momento. Algunhas delas xa herdadas do anterior goberno municipal. Seguen coa matraca de que o Centro Comarcal se pode converter nunha gardería e seguir a dar paus de cego a algo que os técnicos da Xunta de Galicia no ano 2016 avaliaron e dixeron que non podía ser por que non cumpría os requisitos nin as condicións. A día de hoxe lévanse feito diversas propostas de anteprojectos para dar encaixado todos os requisitos, como teñen que ser os volumes de cada unha das aulas, as zonas de circulación de cada un dos espazos que fan falta para ter unha gardería que se adapte á normativa vixente e hai que facer moitas contas. Está claro que quen ten un mínimo de coñecemento de con ten que ser a operatividade non estaría a dicir a cantidade de cousas absurdas que dixo aquí, cando dixo que o Centro Comarcal cunha pequena reforma se adapta a iso, por que é mentir e enganar á veciñanza, por moito que continúe nesa liña. Política de redes sociais, política de panfletos. A realidade é que non gobernan, non deciden, e o que é máis grave non analizan dunha maneira técnica a viabilidade do que despois contan, do que despois trasladan á veciñanza. O que é moi grave nunha persoa que se dedica á política en calquera ámbito. Vostede saberá a liña que ven seguindo todos estes anos, da que non se move e os resultados serán os que os acompañen en relación a ese pensamento e esas decisións. Non lle van a aconsellar o que teñen que facer. A día de hoxe non teñen ningunha parcela de equipamentos no que poder facer unha alteración do uso rápida para poder negociar coa Xunta de Galicia a financiación e posterior posta operativa para ter unha nova escola infantil municipal para o ano 2023. Este é o seu obxectivo para o que están a traballar, e para o que piden o apoio da Corporación, para o primeiro paso que é esta modificación de uso, para ter uns terreos a disposición que teñan un uso compatible para iniciar o procedemento de contratación dun proxecto dunha gardería con tres unidades, coa posibilidade de implantar unha cuarta non futuro. Catro aulas. Co que se está a traballar dende o departamento de educación e política social coa Consellería, que agardan sacar adiante cante antes.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que din o mesmo, se se tivera plantexado con tempo igual se podería ter proposto outra ubicación. É certo que fai falta unha nova escola infantil municipal, por eles non vai a ser. Se creen que a ubicación correcta é alí e é o terreo que hai, por eles non vai a quedar. Van a votar a favor deste punto.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que tamén o Sr. Alcalde segue co matraca de que o BNG fai política de panfletos. Eles teñen un plan para Ordes, un proxecto político. Certo que non gobernan, pero tampouco renuncian a gobernar algún día, a xente dirá. Obviamente vostedes teñen a súa forma de ver este concello, fan o seu plan, as súas actuacións, levan oito anos gobernando, ben se ven os resultados. Teñen o seu proxecto e o expoñen, ofrecen alternativas á veciñanza, por que efectivamente son unha alternativa a este goberno que está aquí hoxe gobernando. Ante o problema da carencia de prazas na escola infantil municipal propuxeron a reforma do Centro Comarcal e que fose a través da Xunta de Galicia, que é quen ten as competencias, quen levando a cabo unha pequena reforma, establececese alí nun edificio de 990 m². A escola infantil que hai no parque empresarial de Merelle ten 500 m². Que non sexa tecnicamente viable resulta pouco crible. Outra cousa é que o PP que é quen goberna en Ordes e na Xunta de Galicia, considere que Ordes non é merecedor dunha Galiña azul, como si teñen en Oroso, en Carral, en Ordes polo veto do PP non temos unha Galiña azul, de xestión pública. O tempo dirá, cando se constrúa ese edificio nos terreos do parque Herminio Rial e escola unitaria da rúa de Galicia, como o concello de Ordes derivará como ten derivado na escola infantil Sorrisos a unha xestión a través dunha empresa privada, con todo o que iso trae. Non están a gobernar neste momento o que non quita que poidan facer as súas propostas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que propostas de panfletos e redes sociais. A realidade é outra ben distinta por moito que lle pese. Analice aquel edificio, analice a distribución e faga unha proposta, se tan valente é, e convenza aos técnicos da administración autonómica, que en principio deben saber bastante máis que vostede de todo isto. É a súa decisión, o seu plantexamento. A xestión en Ordes da escola infantil municipal e de outros servizos fan que estes sexan operativos e funcionais. A veciñanza está agradecida con eles. Non é quen para dicir cales funcionan mellor ou peor. É unha vez máis a súa opinión, outros terán unha opinión contraria. Aquí hai dezasete concelleiros que representan a toda a veciñanza, hai unha inmensa maioría que pensan dunha maneira totalmente distinta á súa. Cree que por algo será. Segue na súa liña, que sempre é a dos atrancas e a dos problemas.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría absoluta de catorce votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), coas abstencións (2 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Aprobar o cambio de uso do ben de titularidade municipal, parcela catastral 8798608NH4689N0001JW (950 m2), rúa Galicia, Ordes, Equipamento Sociocultural de Sistema Xeral (SC-SG), previsto actualmente polas NN.SS.P, para cualificarse como Equipamento Sanitario-Asistencial de Sistema Xeral (ESA-SG).

4. CESIÓN GRATUÍTA BEN PATRIMONIAL (ART. 109.2 DO R.D. 1372/1986, DE 13 DE XUÑO – RBEL).

A efectos do establecido no art. 83 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese ao Pleno do Concello, por razóns de urxencia, este expediente que inicialmente non figuraba incluído na orde do día.

Polo Sr. Alcalde xustifícase a urxencia en que é necesario rematar o expediente de cesión gratuíta do ben inmovible patrimonial ao Ministerio do Interior para a construción dun novo acuartelamento en Ordes. Dende a Gerencia de Infraestrutura y Equipamiento de la Seguridad del Estado solicitouse a remisión da documentación deste expediente para axilizar a formalización da cesión no Rexistro da Propiedade.

O Pleno do Concello por maioría de dezaseis votos a favor, sendo dezaste o número legal dos seus membros, acordou a inclusión deste asunto na orde do día.

Visto o acordo do Pleno do Concello de Ordes, de data 28 de novembro de 2019, polo que se aprobou inicialmente o expediente de cesión gratuíta á Gerencia de Infraestructuras y Equipamiento de la Seguridad del Estado (GIESE) (Ministerio del Interior) do ben inmovible patrimonial (finca rexistral nº 22.734) propiedade deste Concello para a construción dun novo acuartelamento en Ordes.

Visto que durante o trámite de información pública, por prazo de quince días, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 242, de data 20/12/2019 e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, non se presentou alegación algunha.

Visto o disposto nos arts. 109 e 110 do R. D. 1372/1986, de 13 de xuño (RBEL).

Aberto o debate prodúcense os intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que creen que é necesario o Cuartel da Garda Civil en Ordes. Xa foi unha proposta que se levou en anteriores gobernos. A documentación foilles remitida ás doce da maña, traballan ata as catro. Algo de tanta importancia debería terse plantexado antes. Non sabe por que non se trasladou antes esta proposta da Alcaldía. Na proposta da Alcaldía establécese un prazo de tres anos para que o ben inmovible sexa destinado ao fin da cesión, debendo manterse o seu destino durante os trinta anos seguintes. Este punto non ía non acordo de aprobación inicial.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que o primeiro acordo so é de aprobación inicial do expediente e trámite de información pública, a condición imponse no acordo



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

de aprobación definitiva, cláusula resolutoria para se non se chega a executar que haxa un prazo aberto e non se poida resolver a cesión.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que tres anos non sabe se son suficientes para que se poida crear alí un Cuartel da Garda Civil.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que ese prazo é para a formalización da cesión. Agora solicitaron que se lles remita a documentación do expediente por que agora si queren formalizar a cesión. Cando se tramitou este expediente no ano 2009, tamén se impuxo un prazo de dous anos. Naquel momento nin sequera se chegou a incorporar a dotación económica aos Orzamentos Xerais do Estado a partida do Ministerio do Interior para este acuartelamento. Agora si que piden que se lles remita canto antes a documentación por que si que queren formalizar a cesión, para a incorporación da titularidade ao Rexistro da Propiedade por que se supón que si que vai haber orzamento para que se executen as obras. no prazo de tres anos terían que aprobarse os orzamentos e presentar a solicitude de licenza urbanística.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que pregunta si ese prazo pode ser maior. Entende que se teñen vontade de que veña o Cuartel para Ordes, que non se diga que por eles non quedou. Non un prazo tan curto. Isto é o que eles non poden analizar se ese prazo e posible.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que o prazo é una forma de forzar a que o Ministerio do Interior, o Goberno inclúa nos Orzamentos Xerais do Estado as cantidades necesarias para que se executen as obras. No caso de que non fose así nese prazo de tres anos, entenderíase que a cesión decae, podendo volver a tramitarse novamente un novo expediente. Que é o que se está a facer agora, tramitouse un expediente no ano 2009 e no ano 2018 volveu a iniciarse por que o Ministerio do Interior volveu a mostrar interese.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que o que queren deixar claro é que dende Ordes ten que haber unha vontade política, se o prazo é moi curto, non deixar que decaia isto. Realmente o Cuartel para Ordes é importante.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o que ten que haber é vontade por parte do Ministerio do Interior de facelo. No ano 2009 déronse dous anos, estamos no ano 2022 e estamos nas mesmas. Seguimos cunha parcela de uso dotacional que está sen executar. Estase a darlles un ano máis do que se lle deu no ano 2009, tres anos. De acordo coas conversacións que se mantiveron na Coruña coa Comandancia. Din que o queren facer. O que non poden facer é por unha parcela a disposición un montón de anos se o Concello nalgún momento ten unha necesidade para adicala a outro uso. Desde que se lles notifique teñen tres anos para darlle forma. Se dentro de catro, cinco anos non se fixo disposición dela e o concello quere facer outro uso e queren volver a pedir outro prazo e se comprometen a facelo daráselles outra vez. Xa se fixo no ano 2009, estamos no ano 2022, estamos a darlles un ano máis. O que non se pode é por unha parcela á súa disposición por cinco ou dez anos e que nunca fagan nada. Cree que xa bastante esperaron e agardaron. Se queren que axilicemos isto que nos están a pedir e llo mandamos por urxencia. Se queren o deixamos para o pleno de marzo, é outra opción.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que non di que non se lles envíe, o que di é por que non se lles enviou antes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se chega a petición ou se agarda ao mes de marzo ou se lle da resposta á maior brevidade posible que é o que están a demandar.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que pregunta cando chegou.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que chegou fai unha semana.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que tiveron as Comisións Informativas, teñen maioría.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que estamos ante un trámite máis que hai que continuar. Está de acordo co compañeiro, cun pouco máis de tempo para poder lelo con calma. Van a seguir na mesma liña do pleno de 2019. Votarán a favor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que a este grupo enseguida se lle dan leccións de cómo deben presentarse as cousas, como deben ir en prazo. Ao resto dos membros da Corporación remítense correos electrónicos o mesmo día do pleno a mediodía para tratar un asunto de importancia como este. Os proxectos do POS tamén chegan cando chegan, o mesmo día do pleno para a súa análise. Un pouco máis de rigor. Reiterar que o mesmo que se lle esixe ao resto de integrantes, aplícalo no día a día. con respecto ao punto, como trataron no ano 2019 sobre esa parcela como xa apuntaron, cree que existe un problema, que está nunha unidade de actuación cunha urbanización que está sen rematar. Ao estar sen rematar, entende que como a calquera veciño que ten unha propiedade alí e quere construír, presenta un proxecto non se lle vai a dar licenza de obras, por que a urbanización está sen rematar, non pasou de urbanizable a urbano. Entendemos que no mesmo caso estará esa parcela municipal que se pretende ceder ao Ministerio. Vai a cederse unha parcela que non se pode construír. Como se lle vai a explicar á veciñanza se finalmente se constrúe esa parcela que o resto de propietarios alí non poden obrar. Están de acordo en que se lle ceda ao Ministerio do Interior unha parcela para a construción dun Cuartel da Garda Civil, pero terá que ser unha parcela que poida ser edificable. O Concello adquiriu unhas parcelas na zona do Piñeiro que igual poderían ser adecuadas para implantalo alí. O que non saben é como se vai a solucionar esta cuestión. O Alcalde naquel pleno o que dixo é que a urbanización ten que rematarse, á persoa responsable da urbanización déuselle un prazo que se notificou por escrito para o seu remate. Se non o fai, o seguinte paso que vai a dar o concello é rematar o trámite da urbanización con fondos municipais que se consignarán na partida oportuna e despois repercutir a costa dos bens na unidade de actuación deste propietario ou outros dos que sexa titular para dar obrigado cumprimento á obriga que no seu momento adquiriu con todos os propietarios desta unidade de actuación, o prazo remata en decembro. Despois engadiu que ían esperar que remate ese prazo, ao longo do vindeiro ano será o concello o que tome cartas no asunto para dar solución definitiva a esta urbanización que leva paralizada case vinte anos no noso municipio. Non se levaron a cabo estas actuacións, como despois se vai a obrar nesta parcela. Preguntan isto.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vostede non sabe se se levaron a cabo ou non esas actuacións. É unha decisión do grupo de goberno máis do propietario que desenvolver esta unidade de actuación. Quen ten que facer a avaliación si esta parcela cumpre ou non cumpre os requisitos urbanísticos para que poida ser edificable é o técnico municipal. Nesta tesitura se manteñen.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que non sabe o que fixeron e o que non fixeron. Sabe que a día de hoxe esa urbanización segue sen acabar, polo tanto non adquiriu a condición de urbano, é dificilmente pode ser construída esa parcela do concello e como despois se lle vai a negar a calquera propietario que queira construír alí. Volven a manter, como é o mesmo asunto e hai a mesma problemática que existía no ano 2019, manteñen a mesma postura de absterse ante as dúbidas que suscita que ese solar sexa edificable para construír sobre el o Cuartel da Garda Civil.

Intervén o Sr. Alcalde, que pregunta se considera que o pavillón está feito de maneira irregular.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que si.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que repiten o que dixeron na primeira quenda de intervencións. Queren que veña o Cuartel para aquí. Si é urxente enviar isto, por eles non hai problema. O que lles preocupaba máis era a información que pedían, o tema dos prazos. Creen que debe haber vontade dende o Concello de Ordes para que por nos non quede. Que non se pase de prazos. O Secretario dixo que chegado o momento este prazo se pode ampliar. Non temos ningún problema logo.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que na mesma liña, solicita que para as próximas convocatorias estes asuntos urxentes se remita a documentación cun mínimo de vinte e catro horas. Manteñen a liña da votación do pleno anterior.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que nada máis que engadir, manteñen a postura que mantiveron no ano 2019 polas dúbidas que lle suscita que isto se poida materializar na construción dun Cuartel para a Garda Civil nese solo urbanizable que aínda non adquiriu a condición de solar.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que nos deixa moi claro cal é o seu posicionamento, e o coñecemento urbanístico do que é unha unidade de actuación, e de cando unha parcela adquire a condición de solar. É o seu punto de vista, sabe sempre máis que todos os técnicos que fan o asesoramento urbanístico e xurídico do concello. Loxicamente está vostede no seu dereito. Insiste en que hoxe o Secretario plantexou de axilizar o expediente, fíxose a última hora da mañá, certo que con moita premura. É certo que se nos pide axilidade. No momento que aceptamos a urxencia é importante que se lle poida dar forma ao que se fixo no ano 2019, para que o poidamos levar adiante. A ver si o Ministerio do Interior cumpre dunha vez por todas



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

con Ordes, que trae cola dende o ano 2009. Para que se poida levar adiante a construción dun Cuartel no cal todos coincidimos que é necesario.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría absoluta de catorce votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), coas abstencións (2 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Aprobar definitivamente o expediente de cesión gratuíta á Gerencia de Infraestructuras y Equipamiento de la Seguridad del Estado (GIESE) (Ministerio del Interior) do ben inmovible patrimonial (finca rexistral nº 22.734) propiedade deste Concello para a construción dun novo acuartelamento en Ordes.

2º.- O ben inmovible cedido deberá ser destinado ao uso no prazo máximo de tres anos, debendo manterse o seu destino durante os trinta anos seguintes. En caso de incumprimento dos prazos anteriores considerarase resolta a cesión e reverterá aquel a esta Corporación Local con todas as súas pertenzas e accesións.

5. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 27 de xaneiro de 2022, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

6. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos concelleiros non adscritos e grupos políticos non se presenta moción algunha.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en nome propio e en nome dos concelleiros non adscritos Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez, que formula os rogos seguintes.

- Unha finca situada preto onde estaba o antigo Campo de fútbol de Nlvelos, a carón río Cabrón, encóntrase chea de lixo (fiestras rotas, portas, ...etc.), como e pode ver nas fotografías. Os concelleiros non adscritos creemos que os montes deben estar limpos e non se pode consentir ter eses residuos tirados neles. Débese evitar que se convertan nun vertedoiro.

Solicitamos ao Sr. Alcalde.
Que se limpe todo ese lixo.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que este lixo esta recollido dende pola mañá, pasouse cando chegou pola mañá á brigada municipal de obras.

- Na rúa Víctor González Faya e a rúa Mediodía comezaron os traballos para a humanización dese viais. Un dos aparcamentos de terra que se sitúan na rúa González Faya, previsiblemente, se edifique restando así múltiples prazas de aparcamento na zona.

Solicitamos ao Sr. Alcalde.

Que se informe ao pleno sobre as actuacións que ten pensado levar a cabo o goberno municipal para habilitar novos espazos de aparcadoiro nesta zona, posto que vai haber unha diminución considerable de prazas polos motivos anteriormente expostos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que de acordo co Regulamento orgánico municipal un rogo é una proposta de actuación. Aquí claramente está a facerse una pregunta ao sinalar que se informe de, é una pregunta de libro. Cando sexa un rogo un rogo, cando sexa una pregunta unha pregunta. Dende xullo de 2015 incrementáronse considerablemente estes espazos. Hai negociacións pendentes de ultimar a medio prazo tras a aprobación do PXOM.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

- No pleno ordinario de xullo de 2020, presentamos unha moción na cal se demandaba ampliar o horario de servizo da policía local Ordes por mor dun aumento por aquel entón da casos de covid. Estes últimos días producíronse no pobo varios altercados con pintadas en paredes, turismos, ...etc. Ademais os veciños puxéronse en contacto con nos en diferentes ocasións por que non saben a quen dirixirse para denunciar diversos problemas, como ruído nocturno dentro de algunhas vivendas polas noites, coches mal estacionados ou aparcados en vaos. Cando a policía local non traballa.

Ante a preocupación de algúns veciños traemos a este pleno esta cuestión para tratar de dar información á veciñanza da maneira de proceder nestes caos e que se estude a posibilidade de ampliar o horario de servizo da policía local.

Solicitamos ao Sr. Alcalde.

Que se amplíe o horario de servizo da policía local e que se lle informe aos veciños de que maneira poden denunciar as condutas anteriormente expostas, como denuncias de ruídos nocturnos en vivendas, coches mal aparcados ou en vaos, ...etc., cando a policía local non está de servizo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a expresión veciños puxéronse en contacto con nos en varias ocasións, isto que transcribe parecen os comentarios dun post de redes sociais, única e exclusivamente. Feita a consulta coa policía local, esta informa que a Lei de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado sinala que a seguridade cidadá é competencia do Estado, as entidades locais colaboran na mesma na medida do posible. Analizado o réxime estadístico de actuacións efectuadas de oficio como servizo rutinario da policía local ou a requirimento dun particular conclúese unha maior demanda ou necesidade en horario diúrno. Escaseando ou sendo pouco significativo aqueles servizos requiridos en horario nocturno. Por tal motivo, organizativamente atendendo aos medios loxísticos actuais parece axeitado darlle maior cobertura operativa a este servizo. No marco epidemiolóxico ocasionado pola Covid-19, o protocolo operativo de emerxencia sanitaria sempre durante os derradeiros dous anos, inclúe resumo diario de control Covid remitido á Alcaldía, resumo de control diario do Plan de hostalería segura, resumo semanal á Subdelegación do Goberno de A Coruña e resumo mensual á AXEGA. Con respecto a actos vandálicos producidos nos derradeiros días, pintadas, enalteceamento dun grupo musical, tratouse dun xeito puntual e illado. As incidencias que se dean en horario nocturno. As noites dos sábados dáse cobertura mediante a designación dunha patrulla, así como nalgún caso noutras noites que se entenden de especial atención. Mediante reunión coa Garda Civil coordinouse este tipo de servizos a fin de dotar de patrulla operativa ao concello de Ordes. No caso de que un veciño teña un problema de ruídos, haberá que analizar en primeiro lugar a súa orixe. A administración local, a policía local, ten un réxime competencial atribuído. Os ruídos por falta do deber de convivencia cívica poden contar coa participación a modo colaborativo da policía local, sendo os foros xudiciais mediante denuncia civil os que conclúan as actuacións a instancia particular. Os que se produzan con incumprimento da normativa de ruídos requirirán a actuación da policía local de acordo ao protocolo establecido. Chamada á policía local e no seu defecto á Garda Civil, que comprobará o feito e colaborará no cesamento do ruído, para posteriormente o interesado solicitar a inspección. A policía local non ten



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

constancia de requirimentos de comprobación de ruídos en horario nocturno. O xefe do corpo da policía local invita ao concelleiro non adscrito a entrevistarse con el para que lle aclaren os seus protocolos operativos, con traslado dos datos transmisibles. É posibilitarán dar resposta inmediata ás demandas da veciñanza neste sentido.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que o que están a plantexar son as preguntas que lle fixeron os veciños para saber como poden facer cando hai un ruído nunha vivenda, de quen son as competencias. Si hai un coche aparcado diante dun vado, a quen hai que remitirse. So pregunta isto para que os veciños saiban o que teñen que facer se se encontran nese problema. Se queren contestar, dicir hai que facer así. É so unha información para os veciños que preguntan a quen deben recorrer.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que 112, 062, tfno da policía local, escrito por rexistro.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que o teléfono da policía local se non hai un servizo de policía local terán que recorrer a outro organismo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que 112, 062.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que a el lle chegaron outras informacións de que a Garda Civil indica sinala que non é competencia deles. A xente que nos estea a escoitar saberá si isto é así ou non é.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceiro do grupo político PsdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- No paseo Ramiro Recouso aparece unha zona valada que presenta eivas que, aínda que está sinalizada e protexida, non cadra coa contorna. Por outra banda, hai unha das pasarelas de madeira conta cun enreixado que evita que se esvare cando esta está mollada, pero a outra que existe no paseo carece deste enreixado

Solicitamos ao señor Alcalde:

O arranxo do valado coas condicións que merece o paseo e a colocación dun enreixado na pasarela que carece del.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a zona de valado que está danada foi debido a un accidente dun vehículo, xa se está cos trámites do seguro. Vai a facerse o contrato para a súa reposición. A execución será no mes de marzo. Está perfectamente sinalizado pola policía local. O enreixado máis afectado polas xeadas foi substituído o ano pasado. Analizarase e valorarase o novo tramo proposto aquí para colocar un tramo de maia.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

- Hai varias pistas que conforman parte da vías secundarias que transcorren pola parroquia de Ardemil que presentan diferentes eivas que precisan a súa corrección, canto mais porque por algunhas delas son de acceso ao CEIP do Mesón do Vento e por elas circulan vehículos particulares o transporte escolar. Como se aprecian nas fotografías unhas deficiencias son nos firmes das calzadas e outras pola vexetación que as invade. Cabe resaltar que unha delas (Vilamaior-Adrán) era unha pista pola que transcorría o transporte escolar que tivo que cambiar de ruta para evitar este itinerario.

Solicitamos ao señor Alcalde:

O acondicionamento destas pistas, tanto do firme como da limpeza da vexetación que as invade.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o problema da vexetación xa eran coñecedores por que llo fixo saber a empresa de transporte. O informe da policía local é do 17/10/2021, foron notificados os titulares o 25/10/2021. Uns executaron, outros pediron aprazamento. Polo que ven algún aínda está sen executar. Insistirase ao respecto. En relación á vía que vai dende a Barcula ao Mesón do Vento, está incluída no POS+ 2021, que xa está contratada e polo tanto vai a executarse. As outras necesidades, o plan de rebacheo se todo vai ben, comezará finais de marzo, principio de abril. Hoxe pasaron por estas pistas e presentan uns baches puntuais. A derradeira parte, consultado co CEIP Mesón do Vento e a empresa de transporte informa que non se modificou ningunha ruta nos derradeiros anos. Esa pista ten baches, no plan de rebacheo serán arranxados.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- No pleno ordinario do mes de abril de 2021, aprobouse por unanimidade unha moción presentada polo grupo político do BNG demandando á Xunta de Galiza a levar a cabo as actuacións precisas para o remate dos procesos de concentración parcelaria abertos no noso concello, que na maioría de casos superan os 30 anos de tramitación, lembrando a este respecto o recollido na exposición de motivos da moción: “a parte da correspondente á parroquia de San Xulián de Poulo, na actualidade atópanse en tramitación no noso concello as concentracións parcelarias de:

Beán – Pereira (iniciada o 13/06/1991).

Mercurín – Lesta II (iniciada o 13/06/1991).

Parada (iniciada o 13/06/1991).

San Paio de Buscás (iniciada o 23/11/1989).

Santa Cruz de Montaos (iniciada o 13/06/1991).

Vilamaior - Barbeiros (iniciada o 14/11/1990).

”Durante o debate da iniciativa, o alcalde anunciou que a concentración parcelaria de “Bean – Pereira II” tiña os títulos de propiedade “na notaría para a



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

súa protocolización. A entrega dos mesmos está prevista para o último semestre de 2021”.

Así mesmo, sobre a concentración parcelaria de “Vilamaior - Barbeiros II” o alcalde manifestou que “A zona xa ten firmeza, pendente de redactarse a acta de reorganización para a tramitación dos títulos de propiedade das fincas de reemprazo na Notaría e no Rexistro da Propiedade.

Ademais está prevista a súa entrega a principios do vindeiro ano 2022”.

Outra das peticións que se efectuaba na citada moción radicaba na falta de información existente na oficina virtual do medio rural, onde por aquel entón as concentracións parcelarias de “Buscás”, “Santa María de Leira” e “Vilamaior-Barbeiros”, carecían de publicacións.

Aínda que ben é certo, que a petición foi en parte atendida, ao publicarse os planos de títulos da concentración parcelaria de “Santa María de Leira”, e os planos do acordo da concentración parcelaria de “Vilamaior – Barbeiros”, non se pode esquecer que a concentración parcelaria de “Buscás” segue a día de hoxe sen contar cos planos de títulos sen publicar na citada plataforma.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A informar á corporación sobre os motivos de que os anuncios efectuados sobre a entrega dos títulos da concentración parcelaria de “Bean – Pereira II” e “Vilamaior – Barbeiros II” para o último semestre de 2021 e principios do 2022 respectivamente, non fosen materializados aínda a día de hoxe.

Insistir ante a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galiza na demanda unánime efectuada polo pleno da corporación celebrado o 29/04/2021, solicitando o remate dos 6 procesos de concentración parcelaria abertos no noso concello e que superan os 30 anos de tramitación “Bean – Pereira II”, “Mercurín – Lesta II”, “Parada II”, “San Paio de Buscás II”, “Santa Cruz de Montaos II” e “Vilamaior – Barbeiros II”.

Solicitar a publicación dos planos de títulos da concentración parcelaria de “Buscás” (entrega de títulos o 05/11/1981), na oficina virtual do medio rural.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que no seu día en relación coa súa moción pediuse un informe á Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural. Novamente volveu a solicitarse ese informe que nos chegou hoxe ás 18:30 horas e que temos analizado para darlle contestación a partir das 19:30 horas. Os prazos son previsións. A nos a Deputación Provincial díxonos que a Vía Verde estaría rematada no mes de decembro de 2021 e aínda non foi posible materializala a día de hoxe. As veces as cousas non saen como un quere. Para que se teña en conta. ZCP Beán-Pereira está previsto que se realice a entrega de títulos o 30/03/2022. Previsión, poderá ser ou non. Como se dixo os títulos de propiedade estaban na notaría para a súa protocolización, os prazos demoráronse no tempo por retrasos administrativos debido ao Covid-19 e non se puido realizar a entrega no remate do ano 2021. Postos en contacto co



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Rexistro da Propiedade houbo que facer unha rectificación de usufrutos e DNIs que se detectaron eivas na emisión dos títulos. ZCP Santa Cruz de Montaos e ZCP Vialmaior-Barbeiros conta que se realice a entrega de títulos a principios do ano 2023. A protocolización na notaría foi o 04/02/2022. A ZCP Mercurín-Lesta e ZCP Parada-San Paio Buscás, os títulos tamén se porán en marcha ao longo do ano 2023. A publicación sobre información de concentracións parcelarias continúanse cos trámites correspondentes para a publicación dos traballos correspondentes ás ZCP de todos os concellos de Galicia. A ZCP Buscás, 1ª Fase, os planos do acordo están en fase de revisión, tendo en conta que son procesos antigos e a documentación non estaba dixitalizada, estase nese proceso. Aínda non están subidos á plataforma. Non poden falar dun prazo concreto para a súa publicación na web.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que alégrase de que se vaian a dixitalizar os planos e que se suban á web. Preguntan por que pasou un tempo dende que se solicitou e aínda non estaba feito. Se esa é a problemática e en breve vai a estar solucionado, alégrase. O resto das concentracións seguen apremiando por que pasa o tempo, son máis de trinta anos. Mencionou a Vía Verde e non leva trinta anos en produción, que se retrasa uns meses, vai a estar rematada este ano. Pero non vai a ser un período de trinta anos como os das concentracións parcelarias do noso concello.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que os primeiros trámites da Vía Verde iniciáronse no ano 1999, vinte e tres anos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que as obras comezáronse agora e vanse acabar agora. Cando se comezaron as concentracións parcelarias.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que as obras iniciáronse e rematáronse, faltan os títulos. Son diferentes fases dentro dun mesmo proceso, non pode mesturarse

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que a xente precisa os títulos. Hai vivendas construídas en parcelas de concentración parcelaria que non poden pedir unha hipoteca por que non están rexistradas. Hai que concluír os trámites administrativos.

- Veciñanza do lugar de Folgoso na parroquia de Pereira, púxose en contacto con este grupo municipal para trasladar a súa preocupación por un depósito de residuos que nos últimos días apareceu pola zona.

Así pois, nas fotografías pódese apreciar a existencia de varias garrafas do que semella ser un combustible líquido para estufas, segundo unha busca do fabricante que consta nas etiquetas dos citados recipientes, efectuada a través da rede.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A proceder á retirada dos citados residuos.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

A efectuar as pescudas necesarias para intentar localizar á persoa infractora e aplicar a correspondente sanción..

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que onte cando se recibiu o rogo pasouse á policía local para informe, do que se deu traslado no día de hoxe á Brigada municipal de obras para a súa recollida e xa non estaban alí os envases.

- É fácil comprobar como na maioría de rúas do noso concello, os cables de subministro de electricidade e de telecomunicacións discorren polas fachadas dos edificios. Malia que co arranxo dalgunhas rúas, foron dispostas canalizacións para o seu soterramento, a día de hoxe aínda non se levou a cabo ningunha actuación para o soterramento das citadas liñas.

A veciñanza e comunidades de propietarios/-as, teñen que soportar como as compañías distribuidoras de electricidade e telecomunicacións campan ás súas anchas con total impunidade, facendo uso dunha servidume totalmente imposta, furando as fachadas cando sexa preciso, colocando as caixas que estimen, provocando un impacto importante sobre a estética e ornato, así como dificultando as tarefas de conservación e mantemento. Trátase dun total abuso, sobre todo cando en determinadas rúas do noso concello existen alternativas para evitar esta situación, utilizando as canalizacións dispostas no seu día para o soterramento destas infraestruturas.

Na actualidade estanse a levar a cabo as obras das rúas Casabella, Camposanto, Mediodía e Víctor González Faya, onde nos proxectos, non consta a existencia dunha partida destinada á disposición de canalizacións que permitan o soterramento das liñas de electricidade e telecomunicacións existentes polas fachadas dos edificios.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A elaborar un inventario das rúas que contan con canalizacións para o soterramento dos tendidos aéreos de electricidade e telecomunicacións, habitualmente ancorados ás fachadas dos edificios.

Instar ás compañías distribuidoras eléctricas e de telefonía, a que elaboren un plan para o soterramento paulatino das liñas aéreas existentes que transcorren polas fachadas dos edificios, cuxa culminación se efectúe nun prazo de tempo razoable.

Aproveitando a execución das obras, a dotar ás novas beirarrúas das rúas Casabella, Camposanto, Mediodía e Víctor González Faya, das canalizacións precisas para permitir o soterramento das liñas aéreas de electricidade e telecomunicacións que transcorren polas fachadas dos edificios.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se o proxecto de obras non contempla a partida é por dous motivos, por que xa existen ou por que non colle dita sección dentro da sección propia do ancho da vía. Sempre se analiza en todos os casos. Se non cumpre as condicións dada a existencia de outros servizos, a distancia que ten que gardar ou xa existen esas canalizacións, non están incluídas. En relación a todo o demais tómase en consideración e darase traslado ás compañías subministradoras.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- Xa finalizado o mes de febreiro, suponse mais que pechado o exercicio 2021. Dado que o congreso dos deputados aprobou en setembro de 2021 a prórroga da suspensión das regras fiscais para o ano 2022, é importante coñecer de que fondos dispón o concello no seu remanente de tesourería dispoñible para efectuar os investimentos que considere oportunos.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

¿Cal é o remanente de tesourería do que dispón o concello de Ordes na actualidade?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o remanente de tesouraría é positivo por importe de 4.078.000,00 €. o remanente para investimentos está sen calcular pola intervención municipal. Son cifras distintas.

- No pleno da corporación municipal temos falado en varias ocasións sobre a problemática existente na parcela 79 do polígono industrial de Merelle, onde a existencia dunha liña eléctrica aérea de alta tensión que a atravesaba completamente, fai inviable a construción dunha nave para a implantación na mesma dunha actividade. A última vez foi a raíz dunha pregunta efectuada por este grupo municipal no pleno ordinario do mes de xaneiro do ano 2021.

Malia que o concello de Ordes se comprometeu no seu día con Xestur a soterrar a citada liña, a día de hoxe segue sen cumprirse o compromiso. No citado pleno de xaneiro de 2021 o alcalde chegou a manifestar que “Está pendente de tratar varios asuntos co novo Delegado (Naturgy), espera chegar a un acordo satisfactorio con isto”.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

¿Cal é o estado das negociacións co novo delegado de “Naturgy” ao respecto do soterramento da liña eléctrica de alta tensión que atravesa a parcela 79 do polígono industrial de Merelle?.

¿Acadouse algún tipo de acordo?.

En caso contrario, ¿Cómo ten pensado o goberno municipal dar solución a este problema?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a derradeira reunión que se mantivo foi o 14/02/2022 entre o enxeñeiro industrial da asistencia urbanística e o técnico que estivo do Delegado. Hai dúas opción de obra pendentes de valoración final. Tamén se está analizando a viabilidade de incluír esta actuación na Orde de axudas para reforzo e extensión das redes de distribución eléctrica que dan servizo aos parques empresarias (DOG data 26/01/2022), para a que hai un prazo de presentación de solicitudes de catro meses. Este compromiso con Xestur é do 2012. A día de hoxe está perfectamente consensuado con Xestur a Consellería e os titulares da parcela 79. A súa execución ten que facerse de acordo con Naturgy. Xa é o cuarto Delegado co que temos que tratar. Espera que se poida solucionar nos vindeiros meses. Se poden conseguir unha financiación ata o 80% desta orde de axudas, benvinda sexa para unha solución definitiva.

- No pleno ordinario de xullo de 2021, este grupo municipal demandou o arranxo das pontes da Pereira, da pista de Trillán e do Rego do Cabo, na parroquia de San Paio de Buscás, as cales mesmo chegan a dificultar ou impedir o acceso a fincas con maquinaria.

A resposta recibida foi que estaban en tramitación diversos informes sectoriais. Cabe lembrar que as pontes levan varios anos nese deficiente estado (segundo se recoñeceu, cando menos desde o ano 2017-2018), e o problema segue a día de hoxe sen solucionarse.

Así mesmo, mentres que a ponte da parroquia de Pereira, ao pé do camiño Inglés e a carón dunha ponte medieval, fora pechada ao tráfico en xaneiro de 2016 dando comezo as obras para o seu amaño en setembro de 2016; non é de recibo que estas tres pontes da parroquia de Buscás continúen atascadas, aludindo á falta de autorizacións sectoriais.

Transcorridos sete meses desde que formulamos a petición do arranxo das citadas pontes, é polo que preguntamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

¿Dispoñen das autorizacións sectoriais para proceder ao amaño das citadas pontes?.

¿En que data foi recibido o último informe de deficiencias de cada un dos tres expedientes?.

¿Foron contestados polo concello? ¿En que data?.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

¿Cómo explica o goberno municipal á veciñanza da parroquia de Buscás que mentres a ponte da parroquia de Pereira no ano 2016, ao pé do camiño Inglés e a carón dunha ponte medieval, conseguise os informes sectoriais e desde comezo ás obras para o seu arranxo en 8 meses desde o seu peche; e pola contra tres pontes de Buscás permanezan varios anos neste estado aludindo á falta de autorizacións sectoriais?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se lera a acta do pleno de xullo de 2021 xa tiña a resposta, sen ter que traer novamente hoxe unha pregunta. Ponte de Pereira-San Paio de Buscás, existe un acceso alternativo sinxelo, non está prevista a súa execución a curto ou medio prazo. Ponte de Trillán, houbo un inconvinte co expediente de autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio, o último informe é do 27/09/2019. Hai un acordo co técnico para que non se faga a través da Consellería do Medio Rural. Van a intentar resolvelo con fondos propios ao longo de 2022. Está pechada ao paso, se dan unha pequena volta teñen a posibilidade de ir a todas as fincas. Non se pode facer a actuación que pide Patrimonio, hai que facer unha actuación distinta. Vai a tratarse de pechar un acordo entre o arquitecto da asistencia urbanística e a Consellería para darlle forma e facelo con fondos propios. A Ponte do Rego do Cabo, non se imposibilita o acceso ás fincas, hai unha pequena ODT que hai que substituír. Xa se pediu en varias ocasións, a día de hoxe non están aínda os informes da asistencia urbanística, están en tramitación. Non se remitiron a ningunha Consellería. Vamos o rápido que podemos. Seguimos insistindo nestas actuacións pola asistencia técnica urbanística para conseguir as autorizacións sectoriais previas.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás vinte horas e cincuenta minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias